



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 295
24 de abril de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ 29557 (10/PPL-000019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación

[95216](#)

■ 29856 (10/PPL-000020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, co obxecto de reforzar o Sistema público de saúde

[95226](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Rexeitamento das iniciativas

■ 17376 (10/PNC-001444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución das modificacións lexislativas oportunas para a regulación dunha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda, así como a realización dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias co fin de elevar o grao de protección das persoas usuarias afectadas

[95209](#)

■ 26723 (10/PNC-002062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos datos da Enquisa de poboación activa referidos ao ritmo de creación de emprego, así como ao incremento da poboación activa en Galicia no cuarto trimestre de 2017

[95209](#)

I 27348 (10/PNC-002116)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos resultados da estratexia de captación de investimento exterior para Galicia [95210](#)

I 28392 (10/PNC-002233)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a elaboración polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia, dun plan para analizar a desviación do aforro galego e impulsar medidas para a súa recuperación e mantemento, co fin de favorecer o seu destino para os sectores produtivos [95210](#)

I 28624 (10/PNC-002260)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento polas entidades financeiras do Código de boas prácticas para a reestruturación viable da débeda con garantía hipotecaria sobre a vivenda habitual, inserido no Real decreto lei 5/2017, do 17 de marzo [95210](#)

I 28788 (10/PNC-002270)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para favorecer a inserción laboral, así como o emprego autónomo [95210](#)

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**Rexeitamento das iniciativas****I 26017 (10/PNC-002001)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a inclusión pola Dirección Xeral do Patrimonio da variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios ourensáns de Canedo-Beiro, no Programa de rehabilitación de vivendas nos Camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas [95211](#)

I 28237 (10/PNC-002218)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, para o remate das obras e apertura ao público do Museo Arqueolóxico Provincial, así como a posta en marcha pola Xunta de Galicia de todas as medidas ao seu alcance para concretar a súa remodelación [95211](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**Aprobación sen modificacións****I 28951 (10/PNC-002289)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiros Guinarte, Silvestre José e seis deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia da figura das agrupacións de defensa contra os incendios forestais, reflectidas na normativa vixente na materia [95211](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións**I 28611 (10/PNC-002257)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais nas zonas próximas aos núcleos rurais e vivendas habitadas [95212](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 28598 (10/PNC-002256)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a información pola Xunta de Galicia respecto do avance da praga de couza guatemalteca e das medidas previstas para a súa erradicación no concello de Muxía e na Costa da Morte, así como das medidas adoptadas, dos seus efectos e das axudas concedidas a particulares e produtores [95212](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 28492 (10/PNC-002244)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa expansión ao concello de Muxía da praga de couza guatemalteca da pataca [95213](#)

I 28591 (10/PNC-002254)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a contratación pola Xunta de Galicia de xeito exclusivo para a loita contra o lume ao persoal das brigadas helitransportadas do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais, así como a garantía do transporte polos helicópteros unicamente a ese persoal [95213](#)

I 28699 (10/PNC-002262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa retirada dos montes veciñais en man común conveniados da madeira afectada e queimada polos incendios forestais [95213](#)

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

I 19704 (10/PNL-000006)

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor [95231](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.1. Elección do Parlamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

I Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de abril de 2018, polo que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral de Pontevedra a D. Xoán Hermida González (doc. núm. 29820) [95215](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 29557 (10/PPL-000019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 29856 (10/PPL-000020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, co obxecto de reforzar o Sistema público de saúde

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, co obxecto de reforzar o Sistema público de saúde.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 20 de abril de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas

- 17376 (10/PNC-001444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución das modificacións lexislativas oportunas para a regulación dunha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda, así como a realización dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias co fin de elevar o grao de protección das persoas usuarias afectadas

BOPG nº 188, do 06.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 26723 (10/PNC-002062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos datos da Enquisa de poboación activa referidos ao ritmo de creación de emprego, así como ao incremento da poboación activa en Galicia no cuarto trimestre de 2017

BOPG nº 267, do 27.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 27348 (10/PNC-002116)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos resultados da estratexia de captación de investimento exterior para Galicia

BOPG nº 276, do 14.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 28392 (10/PNC-002233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia, dun plan para analizar a desviación do aforro galego e impulsar medidas para a súa recuperación e mantemento, co fin de favorecer o seu destino para os sectores produtivos

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 28624 (10/PNC-002260)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento polas entidades financeiras do Código de boas prácticas para a reestruturación viable da débeda con garantía hipotecaria sobre a vivenda habitual, inserido no Real decreto lei 5/2017, do 17 de marzo

BOPG nº 289, do 11.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 28788 (10/PNC-002270)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para favorecer a inserción laboral, así como o emprego autónomo

BOPG nº 289, do 11.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 19 de abril de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas

- 26017 (10/PNC-002001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a inclusión pola Dirección Xeral do Patrimonio da variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios ourensáns de Canedo-Beiro, no Programa de rehabilitación de vivendas nos Camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas

BOPG nº 264, do 21.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 28237 (10/PNC-002218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, para o remate das obras e apertura ao público do Museo Arqueolóxico Provincial, así como a posta en marcha pola Xunta de Galicia de todas as medidas ao seu alcance para concretar a súa remodelación

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 20 de abril de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 28951 (10/PNC-002289)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiros Guinarte, Silvestre José e seis deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia da figura das agrupacións de defensa contra os incendios forestais, reflectidas na normativa vixente na materia. (Procedemento de urxencia)

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 6 votos a favor, 0 votos en contra e 4 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver a figura das agrupacións de defensa contra os incendios recollidas na normativa de incendios forestais.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 28611 (10/PNC-002257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais nas zonas próximas aos núcleos rurais e vivendas habitadas

BOPG nº 289, do 11.04.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda presentada polo G. P. Popular de Galicia, doc. núm. 29734, e resulta aprobada pola unanimidade dos 10 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar un plan de actuación en faixas secundarias de xestión da biomasa cunha participación maioritaria no financiamento desas actuacións pola Xunta de Galicia.
2. Priorizar no plan de actuación o apoio financeiro para delimitar as faixas secundarias así como para que os propietarios realicen a limpeza dos montes sen que o seu custo exceda o que se considera un prezo xusto.
3. Aplicar gradualmente o plan de actuación, dándolles prioridade ás actuacións nas parroquias de alta actividade incendiaria.
4. Coordinarse coa Fegamp e as deputacións para que a implantación do plan de actuación poida realizarse antes de que comece o período de máximo risco.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 28598 (10/PNC-002256)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a información pola Xunta de Galicia respecto do avance da praga de couza guatemalteca e das medidas previstas para a súa erradicación no concello de Muxía e na Costa da Morte, así como das medidas adoptadas, dos seus efectos e das axudas concedidas a particulares e produtores

BOPG nº 287, do 04.04.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 10 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar sobre o avance da couza guatemalteca e as medidas que se van tomar co fin de erradicala no Concello de Muxía e a Costa da Morte.
2. Informar sobre as medidas establecidas ata o de agora e os seus efectos, recollidos na resolución do 8 de marzo de 2017 que recolle as zonas infestadas e as zonas tampón, e implementa as medidas para a erradicación e control do organismo de corentena.
3. Informar sobre as axudas concedidas a particulares e produtores.»

Rexeitamento da iniciativa

- 28492 (10/PNC-002244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa expansión ao concello de Muxía da praga de couza guatemalteca da pataca

BOPG nº 287, do 04.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 6 votos en contra e 0 abstencións.

- 28591 (10/PNC-002254)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a contratación pola Xunta de Galicia de xeito exclusivo para a loita contra o lume ao persoal das brigadas helitransportadas do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais, así como a garantía do transporte polos helicópteros unicamente a ese persoal

BOPG nº 287, do 04.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 6 votos en contra e 0 abstencións.

- 28699 (10/PNC-002262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa retirada dos montes veciñais en man común conveniados da madeira afectada e queimada polos incendios forestais

BOPG nº 289, do 11.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 6 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Coñecemento das sinaturas, admisión, publicación e prazo de asunción

- 19704 (10/PNL-000006)

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor
BOPG nº 206, do 07.11.2017

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta Electoral de Galicia (doc. núm. 29819), polo que comunica a acreditación das sinaturas válidas en relación coa proposición non de lei de iniciativa sobre creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor (doc. núm. 19704, 09/PNL-000006) e acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición non de lei.

2º. Publicar este acordo e o texto da proposición non de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 16 apartados segundo e terceiro da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios poden asumir como propias e convertelas en proposicións non de lei en pleno ou en comisión no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do rexistro electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción dende as 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial* da Cámara. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os grupos parlamentarios que manifesten a súa asunción, será asignada a proposición non de lei ao primeiro que o solicite.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios, á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.1. Elección do Parlamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de abril de 2018, polo que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral de Pontevedra a D. Xoán Hermida González (doc. núm. 29820)

Examínase o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 20 de abril de 2018 polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral de Pontevedra a D. Xoán Hermida González pola candidatura de En Marea nas eleccións autonómicas do 25 de setembro de 2016.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia do 20 de abril de 2018 polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral de Pontevedra a D. Xoán Hermida González pola candidatura de En Marea nas eleccións autonómicas do 25 de setembro de 2016, con efectos xurídicos e económicos desde o 20 de abril de 2018.

2º. Comunicarlles este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información, de Asistencia Parlamentaria e ao Servizo de Publicacións.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2º



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 18/04/2018 13:01:08.999

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ordenamento xurídico galego establece os principios de igualdade entre homes e mulleres e de non discriminación por razón do xénero. Porén, este marco non ten eficacia plena e persisten discriminacións en todos os ámbitos da vida social, cultural, laboral, económica e singularmente no ámbito universitario e da investigación. Concretamente, no relativo á carreira docente e investigadora, téñense realizado numerosos estudos que sinalan a existencia, causas e alcance da fenda de xénero nos ámbitos científicos e universitarios.

A nivel internacional constitúe unha referencia o informe que ETAN (*European Technology Assessment Network*) publicou en 2001. Entre as súas conclusións destaca a consideración de que a infrarrepresentación das mulleres obstaculiza a consecución de obxectivos científicos e de excelencia, ademais de ser un malgaste e unha inxustiza. O informe ETAN inclúe unha serie de recomendacións para establecer cambios nas políticas públicas que rematen coa fenda de xénero neste ámbito, entre as que destacan:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 18/04/2018 13:01:08.999

- A recompilación de datos desagregados por sexo e comparables entre países.
- A realización dunha análise das barreiras que impiden o acceso pleno das mulleres á ciencia e á tecnoloxía e o seu ascenso.
- A análise das diferenzas salariais existentes
- Proceder a unha integración da igualdade de trato, de accións positivas e do *mainstreaming* de xénero nas políticas educativas e científicas.
- A mellora, en termos de xénero, das prácticas de selección e de promoción profesional.
- A introdución de correctores para acadar unha presenza mínima dun 40 por 100 do sexo menos representado en todos os ámbitos.
- A orientación académica e laboral non sexista.
- A procura do emprego de persoas expertas volantes

A pesar de ter transcorrido case dúas décadas dende a aprobación das citadas recomendacións -aos que, por outra banda, se aprobaron múltiples iniciativas a nivel galego, estatal e europeo-, a discriminación por mor do xénero segue a manifestarse dun xeito especialmente intenso no ámbito científico e da ciencia.

Estatísticas e estudos oficiais confirman esta diagnose e debuxan unha realidade complexa. Así, o estudo realizado pola Xunta de Galiza “As mulleres no sistema educativo de Galiza” establece unha radiografía elocuente sobre a realidade do sistema educativo e de investigación. Entre as conclusións destácase que:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) “A presenza das mulleres como alumnas nas ensinanzas obrigatoria, postobrigatoria e universitaria mostran un equilibrio sostido entre varóns e mulleres na educación infantil e primaria, tendencia que se mantén ata as etapas obrigatorias. Non obstante, a partir do bacharelato e a formación profesional de grao superior ata os estudos universitarios, as mulleres son clara maioría.(...) Agora ben, cando se analizan tanto as modalidades de bacharelato, como as familias (especialidades) de formación profesional ou as titulacións universitarias, constátase que as opcións elixidas polas mulleres continúan sendo as tradicionais.

b) Nos ciclos de formación profesional as mulleres escollen maioritariamente os estudos relacionados coa administración (78%), a sanidade (84%) e a imaxe persoal (98%). Pola contra, tan só un 23% cursa o bacharelato tecnolóxico e menos dun 8% opta por estudos de formación profesional relativos á tecnoloxía.

c) En canto á presenza das mulleres na educación universitaria, nas titulacións nas que a tecnoloxía xoga un papel primordial, en especial nas enxeñerías, os desequilibrios entre homes e mulleres son moi elevados: o número de alumnas non acadada o 20% en especialidades como Enxeñería Informática e Enxeñería Industrial. Polo contrario, nos estudos como Enfermería e Medicina, así como en titulacións como Maxisterio (agás a especialidade de Educación Física), Socioloxía ou Comunicación Audiovisual, a presenza das mulleres supera o 70%.

d) Se atendemos aos estudos de terceiro ciclo, os desequilibrios entre homes e mulleres tenden a minimizarse. Así e todo, a presenza equilibrada de homes e mulleres que reflicten os datos globais non é tal cando analizamos as porcentaxes por áreas de coñecemento. Outra vez destaca a situación das mulleres no ámbito tecnolóxico, onde non chegan ao 30%.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

e) No ámbito do profesorado, constátase que estas son clara maioría entre o profesorado na educación infantil e primaria. Non obstante, na formación profesional e no bacharelato adoitan presentarse porcentaxes favorables aos homes.

f) No profesorado universitario, as mulleres non chegan ao 40%, aínda que os datos mostran unha tendencia positiva.

g) Con respecto ás áreas de coñecemento, constátase que as mulleres só acadan a paridade entre o profesorado en humanidades. Así mesmo, cando se analizan as distintas categorías de profesorado, os datos confirman a sentenza “a maior xerarquía, menos mulleres”. Nas tres universidades galegas a porcentaxe de catedráticas é moi baixa: o 20% na UV, o 12% na USC e 11% na UDC.

h) Os datos analizados relativos aos/ás investigadores/as que acadan financiamento en convocatorias públicas de I+D en Galicia reflicten que no eido da investigación aínda quedan pasos importantes que dar para acadar unha maior igualdade entre mulleres e homes. Cando se avalía a presenza das mulleres como líderes de proxectos de investigación, esta diminúe substantivamente: en empresas e centros tecnolóxicos as mulleres IP (investigadora principal) non acadan o 15%, mentres que nas universidades e OPI acadan o 30%.”

Estas cifras son o suficientemente expresivas da desigualdade que persiste no ámbito universitario e xustifica a necesidade dos cambios legislativos que se incorporan nesta lei.

Esta proposición de lei consta dun único artigo polo que se establecen medidas para incorporar a perspectiva de xénero na universidade e na investigación, co obxectivo de facer efectiva a igualdade de mulleres e homes. Con este fin, establécense medidas a aplicárense no ámbito da universidade e da investigación, abarcando a creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas facultades, escolas técnicas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 18/04/2018 13:01:08.999

superiores e escolas universitarias; o apoio a realización de proxectos de estudo e investigación sobre cuestións de xénero e/ou de proxectos de estudo e investigación nos cales se integre a perspectiva de xénero; garantir a formación da totalidade do persoal en materia de xénero e de prevención da violencia contra as mulleres; establecer medidas de apoio o traballo das mulleres no ámbito da investigación e a súa participación e liderado de grupos de investigación; e visibilizar as achegas nos ámbitos científicos e técnicos das mulleres ao longo da historia e na actualidade.

Ademais, concrétnanse medidas a aplicar nas universidades e nos centros e institucións de investigación galegos para garantir o cumprimento dos principios de igualdade, non discriminación por mor do xénero e facer efectiva a igualdade de mulleres e homes na carreira docente e investigadora, así como entre o persoal ao seu servizo. Fíxase a obriga de que se establezan medidas que garantan unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións. Así mesmo, foméntase o deseño de métodos de avaliación da calidade científica e académica libres de discriminacións por mor do xénero.

Por último, introdúcense medidas para evitar que a maternidade ou a paternidade, e a asunción doutras responsabilidades familiares e de coidado penalicen o desenvolvemento da carreira docente e investigadora. Nese sentido establécese a obriga de garantir que nos procesos de selección/avaliación da traxectoria académico-profesional, nos que se consideren intervalos temporais, resulten excluídos, sen impacto negativo para a/o interesada/o, aqueles períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes. E, igualmente, deberán excluírse, sen impacto negativo, aquelas suspensións da actividade por risco durante o embarazo e a lactación, por enfermidades causadas polo embarazo, parto ou lactación, así como as motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa finalidade de dotarnos de máis ferramentas para conseguir a plena igualdade formúlase a seguinte proposición de lei.

Artigo único.

Substitución do artigo 20 polo seguinte

“Artigo 20. A perspectiva de xénero na universidade e na investigación.

1. Co obxectivo de facer efectiva a igualdade de mulleres e homes no ámbito da universidade e da investigación adoptaranse as seguintes medidas:

a) Creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias.

b) Apoio a realización de proxectos de estudo e investigación sobre cuestións de xénero e/ou de proxectos de estudo e investigación nos cales se integre a perspectiva de xénero, e promoverase que nos proxectos de investigación dos que se poidan extraer resultados para as persoas, se teña en conta a perspectiva de xénero.

c) Formación da totalidade do persoal en materia de perspectiva de xénero e prevención da violencia contra as mulleres.

d) Apoio, a través do establecemento de medidas de acción positiva, do traballo das mulleres no ámbito da investigación, fomentando a súa participación e liderado en grupos de investigación..

e) Visibilización das achegas das mulleres nos ámbitos científico e técnico, ao longo da historia e na actualidade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

f) Garantía de que os períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes, non repercutan negativamente na formación e na carreira docente e investigadora.

2. As universidades e os centros e institucións de investigación galegos deben:

a) Garantir o cumprimento do principio de non discriminación por razón de sexo e facer efectiva a igualdade de mulleres e homes na carreira docente e na investigadora, así como entre a totalidade do persoal ao seu servizo.

b) Establecer medidas que garantan unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións.

c) Deseñar métodos de avaliación da calidade científica e académica non discriminatorios por razón de xénero.

d) Promover un uso dos tempos e da organización do traballo que facilite a conciliación e favoreza a corresponsabilidade de homes e mulleres, permitindo compatibilizar o exercicio da profesión académico-científica-tecnolóxica coas responsabilidades persoais e de coidado.

e) Garantir que as avaliacións de persoal docente e investigador teñan en conta a perspectiva de xénero e a non discriminación, directa ou indirecta, por razóns de sexo.

f) Garantir que nos procesos de selección/avaliación da traxectoria académico-profesional, os que se consideren intervalos temporais, resulten excluídos, sen impacto negativo para a/o interesada/o, aqueles períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes. Igualmente, deberán excluírse, sen impacto negativo, aquelas suspensións da actividade por risco durante o embarazo e a lactación,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 18/04/2018 13:01:08.999

por enfermidades causadas polo embarazo, parto ou lactación, así como as motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero.

g) Establecer criterios de acción positiva nas axudas á investigación, garantindo a calidade e a excelencia, nas convocatorias de axudas, de forma que se valore positivamente que os grupos estean liderados por mulleres, integrados por máis dun 40% de mulleres ou incorporen a perspectiva de xénero.

h) Establecer medidas para a detección precoz da violencia de xénero e de apoio ante calquera das formas de violencia definidas na lexislación galega.

i) Potenciar a vocación científica e investigadora entre as mulleres.”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 18/04/2018 13:01:08.999

ANTECEDENTES LEGISLATIVOS

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galiza.
- Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade.
- Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galiza.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.
- Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 18/04/2018 13:01:08.999

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2018 13:00:30

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2018 13:00:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/04/2018 13:00:38

Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2018 13:00:39

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2018 13:00:42

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2018 13:00:48

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, co obxecto de reforzar o Sistema público de saúde.**

Exposición de motivos

A Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias establece que no caso de que a espera prevista supere o tempo máximo establecido para a prestación da asistencia sanitaria, o Servizo Galego de Saúde deberá ofertar a realización da prestación noutro centro da rede pública ou nun centro concertado. Igualmente se a persoa paciente non recibe unha oferta para ser atendido ou atendida no tempo máximo establecido, poderá optar, unha vez transcorrido o dito prazo, por continuar na lista de espera do centro elixido ou por requirir a atención sanitaria en calquera outro centro que dispoña de acreditación na Comunidade Autónoma de Galicia e en calquera caso, se a persoa paciente non recibe unha oferta para ser atendido ou atendida no tempo máximo establecido, terá dereito, unha vez transcorrido o dito prazo, a acudir a un centro privado da súa elección, e a que se lle reembolse o gasto de acordo coas tarifas que se establezan regulamentariamente para o proceso realizado.

O certo é que deben ser facilitados pola Administración autonómica, os datos fundamentais que supón este transvase de persoas dende a sanidade pública á privada, contemplando as súas características fundamentais, tales como as cifras que representan, as áreas e centros nos que se produce, ou os servizos ou as especialidades ás que afecta e en que grado ou medida.

O que resulta congruente e lóxico tendo en conta que a propia normativa establece a obriga por parte da Xunta de Galicia de elaborar un informe anual sobre a aplicación da Lei 12/2013, do 9 de decembro,

Grupo Parlamentario

de garantías de prestacións sanitarias para presentar ao Parlamento de Galicia no primeiro trimestre de cada ano.

Pero non soamente coñecer tal diagnóstico sobre a situación anual, senón que se impón como recomendable e ineludible facer tal análises para paliar as deficiencias detectadas no Sistema público e proceder a súa corrección, algo que orixinalmente a lei aprobada non contemplaba, pero que debe conformarse como un dos fundamentos para a actuación da Administración sanitaria pública.

O obxecto pois desta reforma é que polos poderes públicos se tomen as medidas necesarias para reforzar o Sistema público de saúde, procurando unha mellora das súas prestacións e contribuindo a aumentar as garantías necesarias para o exercicio do dereitos das persoas usuarias a unha atención sanitaria pública, promovendo actuacións a través dos centros propios e minorando as de sectores alleos. Consecuencia desta necesidade é polo que se dispón a modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, que xa foi obxecto dunha modificación anterior mediante a Lei 13/2014, do 22 de decembro.

Artigo único.- Modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias

A Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, queda modificada como segue:

Un. O punto 2 do artigo 26, «Informe anual», da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, queda redactado como segue:

«2. Respecto dos tempos de resposta, o dito informe incluírá os datos do ano inmediatamente anterior sobre o total de pacientes en espera a que se refire esta lei e mailos tempos medios de espera, e o número de pacientes que fixeron uso da garantía establecida por esta lei, así como, se é o caso, as medidas correctoras encamiñadas a mellorar a atención sanitaria no Sistema público de saúde de Galicia para evitar a superación, se a houbera, dos referidos tempos máximos de resposta.

Grupo Parlamentario

Este informe, tanto na información ofrecida como nas medidas correctoras propostas, se presentará por cada unha das especialidades e desagregados por centro sanitario e por Estrutura Organizativa de Xestión Integrada.»

Dous. Incorpórase un novo capítulo VI *ter*, cun novo artigo 31 *ter* á Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, que queda redactado como segue:

«Capítulo VI *ter*. Reforzamento do Sistema público de saúde

Artigo 31 *ter*. Garantía de reforzamento do Sistema público de saúde

1. Conxuntamente ao informe mencionado no artigo 26 desta lei, e en relación ás medidas correctoras propostas que se inclúan nel, se presentará pola consellería competente en materia de sanidade un programa concreto de actuacións co obxecto de minorar as persoas usuarias desprazadas dende o sistema público ao privado. Este programa de actuacións terá en conta os datos diferenciados por especialidade, centro sanitario e por Estrutura Organizativa de Xestión Integrada.
2. O programa de actuacións deberá incluír, como mínimo:
 - a) As decisións a tomar en termos de recursos humanos e materiais.
 - b) A cuantificación orzamentaria precisa para a dotación destes medios.
 - c) O establecemento de obxectivos do programa e criterios de avaliación do seu cumprimento.
 - d) O prazo estimado para o desenvolvemento destas medidas e para o cumprimento dos obxectivos.
3. A elaboración e desenvolvemento deste programa de mellora do sistema público de Galicia será de obrigado cumprimento para todos aqueles servizos do Sistema público de saúde cuxos tempos medios de espera superen os marcados no artigo 5 de fixación de tempos máximos de acceso.»

Tres. O artigo 27, «Información xeral dos tempos de acceso», da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestación sanitarias, queda redactado como segue:

«Artigo 27. Información xeral dos tempos de acceso

O Servizo Galego de Saúde facilitará información trimestral a toda a cidadanía a través do seu portal web, sobre o número de pacientes que figuran en espera e o tempo medio de acceso para os distintos procedementos realizados por cada unha das especialidades e desagregados por centro sanitario.»

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar no prazo de catro meses as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei, tal que no informe a remitir ao Parlamento de Galicia, de acordo ao artigo 26 desta lei, se poda facer unha primeira valoración en relación aos resultados do exercicio do 2018, de acordo ao disposto no artigo 33.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANTECEDENTES


- Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde.
- Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.
- Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Saúde.
- Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.
- Lei 13/2014, do 22 de decembro, pola que se modifica a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/04/2018 13:57:41



INICIATIVA POPULAR PARA A PARTICIPACIÓN POPULAR NO IMPULSO DO GOBERNO A TRAVÉS DE PROPOSICIÓN NON DE LEI.

D. José Cuevas Raposo, con D.N.I. 36.068.861-P, e enderezo en Nigrán (Pontevedra) na rúa Chans – Priegue, Nº17, con correo electrónico de contacto jose.cuevas@nigran.org e telefono de contacto 686474583.

D. Pauliño D. Del Río Iglesias, D.N.I. 36.012.715-M, e enderezo en Gondomar (Pontevedra), Barrio da Gandara nº 40 Peitieiros.

D. Silvano Montes Sanchez, con D.N.I. 04.544.664-W, e enderezo en Baiona (Pontevedra), na Rúa Ciudad de Vigo Nº 5 – 2º C

D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, con D.N.I. 53.194.380-A, e enderezo en Nigrán (Pontevedra), na Rúa Cal Nº 1.

Dª. Jimena Varela Rodriguez, con D.N.I. 39.459.253-Q, e enderezo en Gondomar (Pontevedra), na Rúa Rosalía de Castro 13B 1º.

Dª Aroa Dominguez Pardiñas, con D.N.I. 15.491.263-G, e enderezo en Baiona (Pontevedra), no Lugar Bahiña-Cruceiro, Nº 47.

Dª Fátima Rodriguez Areal, con D.N.I. 76.988.928-Q e enderezo en Gondomar (Pontevedra), barrio Monteiro nº 21 Borreiros.

Dª. Carlos Gomez Costas, con D.N.I. 76.996.345-G, e domicilio en Nigrán (Pontevedra), no Camiño das laxes Nº 13. Chan de Brito.

Dª Marta Montes Gómez, D.N.I. 77002930-B, e enderezo en Baiona (Pontevedra), na Rúa Ciudad de Vigo, 5 – 2º C

Dª. Ana Rosa López Villanueva, con D.N.I. 36.112.912-Z e enderezo en Gondomar (Pontevedra), Gándara nº14-A Peitieiros.

Espoñen:

Que gozamos da condición política de galegos ou galegas e nos encontramos inscritas no censo electoral.

Que a LEI 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, no artigo 4 indica que á cidadanía ten dereito a unha resposta eficaz ante os riscos é a unha adecuada protección da súa integridade, dos seus bens e do seu entorno.

Que en numerosas ocasións constatouse que os actuais servizos para dar unha resposta ante o risco de incendios e outras emerxencias non foron realizados coa eficacia e eficiencia que son necesarios.

Que de acordo coa artigo 16 da Lei 7/2015, de 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia promovemos a presentación da seguinte proposición non de lei para a creación dun Parque de Bombeiros no Val Miñor ao Parlamento de Galicia, actuando como representante da Comisión Promotora desta proposición non de lei, D. José Cuevas Raposo, con D.N.I. 36.068.861-P, e domicilio en Nigrán (Pontevedra) na rúa Chans – Priegue, Nº17, con correo electrónico de contacto jose.cuevas@nigran.org e telefono de contacto 686474583.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A bisbarra do Val Miñor formada polos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán ten unha poboación permanente de 43904 persoas. Esta poboación multiplícase na época estival

8 NOV 2017

Núm. 19704

chegando aos 100.000 residentes e tendo picos de poboación preto dos 120.000 habitantes, aos que hai que sumar a existencia de varios polígonos industriais como o do Porto de Molle ou a Pasaxe, no que están instalados numerosas empresas.

Esta bisbarra miñorana espállase nun territorio de 145,2 km cadrados dos que 34,9 pertencen a Nigrán, 34,4 a Baiona e 74,5 a Gondomar. A dispersión e a grande extensión do seu territorio, complican a atención das emerxencias, subliñando que os datos xeográficos falan da disparidade e contraste de altitudes que se rexistran entre as distintas parroquias, ás que temos que engadir as longas distancias e os pasos estreitos e dificultosos dalgunhas vías secundarias ou terciarias, polo que o tempo de resposta é fundamental e as veces vital.

Tanto a veciñanza estable como a estacional ou esporádica teñen dereito á actuación unha resposta eficaz ante os riscos é a unha adecuada protección da súa integridade, dos seus bens e do seu entorno.

Actualmente os poderes públicos tratan de garantir este dereito cun infradotado Grupo de Emerxencias Supramunicipal que é xestionado pola mancomunidade do Val Miñor, contando co apoio do parque comarcal de bombeiros de O Porriño, que pola distancia entre a súa base e a comarca ten un tempo de resposta superior ao que consideramos adecuado.

Por todo isto a Comisión Promotora desta Iniciativa non legislativa popular para a Creación dun Parque de Bombeiros no Val Miñor presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Parlamento de Galicia.

O parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:


Creación dun Parque de Bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos Concellos da Comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor.



Asdo. D. José Cuevas Raposo



Asdo. Pauliño D. Del Río Iglesias



Asdo. D. Silvano Montes Sanchez




Asdo. D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira



Asdo. D^a. Jimena Varela Rodriguez



Asdo D^a. Aroa Dominguez Pardiñas



Asdo. D^a. Fátima Rodriguez Areal



Asdo. D. Carlos Gomez Costas



Asdo. D^a Marta Montes Gómez



Asdo. D^a. Ana Rosá López Villanueva

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727